

# 60 ANOS CARITAS DIOCESANA DE LUGO

(1Co 13, 1-13; Xn 15, 9-14)

Cando Deus todopoderoso resucitou de entre os mortos a Xesucristo o noso Señor, comprendemos que é certo, o Amor non pasa nunca. É paciente, é benigno, goza coa verdade, todo o cre, todo o espera, todo o soporta, como o Señor con cada un de nós. E non cesará, permanecerá para sempre, tamén nesta terra.

Xesucristo resucitou e venceu e a súa palabra cumprírase: amádevos uns a outros, como eu vos ameí, participade do meu corazón aberto e do meu Espírito de caridade

O Amor é e será sempre realidade na nosa historia, non será vencido polo pecado -o egoísmo, o medo, a mentira, o abuso, a indiferenza-, polos límites e as imperfeccións nosas neste mundo.

A presenza amiga de Cristo por medio do seu Corpo, da súa Igrexa, próxima ás nosas circunstancias de moitas maneiras, dinos que xa non somos estranxeiros nin hóspedes, senón membros da familia de Deus, non servos senón fillos queridos que o Pai abraza. E sendo acollidos verdadeiramente, cos nosos rostros e historia, chegamos a descubrir que xa está presente no noso mundo Aquel que nos ama e se entregou por nós, o que deu a súa vida polos amigos e por nós, tamén cando aínda non o eramos.

Recoñecemos entón con fe que Deus é amor e Xesús o seu Fillo, e que tamén nós somos amados. E buscamos axudarnos para non volver mirar ao mundo e a vida sen Deus nin esperanza, á luz da morte, da loita interesada e do desprezo do outro, do pobre e necesitado, do que molesta, do que estorba os nosos plans, neno, adulto ou maior.

Queremos vivir como quen somos, cristiáns, fillos de Deus. E mirar o mundo segundo as palabras do noso Señor, que é a Verdade, que pode iluminarnos nas dificultades e axudarnos a responder os retos da nosa historia.

Unidos queremos facer as obras do amor. Nas nosas casas e no noso traballo; pero tamén xuntos como Igrexa en Lugo. Queremos ser Caritas en Lugo, quixeramos selo sempre. A organización diocesana dinos quen somos e convidanos a selo, nas nosas parroquias, na nosa vida, na nosa sociedade: a ser Caridade.

Por amor ao próximo, polo amor que non queremos perder nin negar – porque sería arruinar o noso propio corazón e a nosa esperanza, e deixar sen luz a nosa mirada–, faremos desta nosa “amizade” eclesial un instrumento elaborado e traballado, para achegarnos a cada un, a cada rostro e a cada historia. Non ofreceremos menos que a amizade, que a verdade do corazón, que a nosa fe. Non poderemos conformarnos co abandono ou a soidade, pechar os ollos ás necesidades de corpo e alma, dar por boa a inxustiza, a insolidariedade, o descarte das persoas.

Celebramos 60 anos de Caritas como organización diocesana; é dicir, da conciencia e a vontade activa e efectiva de ser nós mesmos presenza do Amor de Deus no noso mundo. 60 anos de desexo de que veña o Reino de Deus, de que o mundo atope o Camiño da verdade e da vida, de que o Amor –que é a vontade de Deus– sexa o fundamento da paz e a alegría dos corazóns.

Pedimos confiadamente ao Señor que tamén nós, as nosas xeracións, podamos continuar unidos nesta mesma historia boa de caridade moitos anos máis, en todo caso durante a nosa vida.

Poñemos ante El os nosos desexos, as persoas que amamos, os rostros de todos os que nos acompañan e acompañamos no camiño. Ante todo, lembramos a quen sofre de moitas maneiras, aos enfermos, aos que están sos, aos que xa afrontan as últimas etapas da existencia, nas que urxe a luz da caridade do Señor.

Encomendámoslle a todos os que participaron nestes 60 anos de Cáritas, especialmente aos que xa non están entre nós. Son moitos e a eles debemos moito, con frecuencia o máis importante, recoñecer o amor do Señor.

E damos grazas a deus por todo. Por esta historia magnífica, pola súa Igrexa en Lugo -coas súas comunidades e parroquias, con tanta fe e amizade vividas-; e especialmente hoxe pola organización de Caritas, polo ben que significa, polas persoas concretas que a seguen facendo posible.

Deus é Amor, como o Señor nos testemuñou dando a súa vida. Os nosos amigos, a proximidade cariñosa da Igrexa nas nosas comunidades e parroquias, Caritas mesma ensinannolo e lembran cada día, confortando o noso corazón.

Que o Señor nos dea ser verdadeiros protagonistas na misión que nos encomenda a cada un, a paz e a alegría de ser testemuñas do seu Amor, coas palabras e coa entrega da vida.

+Alfonso,  
Bispo de Lugo